



|                      |                                                                                                                                       |
|----------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Proxecto:</b>     | Modificación Parque Eólico Figueiras                                                                                                  |
| <b>Documento:</b>    | Estudo de Impacto Ambiental (novembro 2020) e Proxecto Sectorial (novembro 2020)                                                      |
| <b>Localización:</b> | Alfoz e Mondoñedo (Lugo)                                                                                                              |
| <b>Promotor :</b>    | Fergo Galicia Vento-PEE, S.L.                                                                                                         |
| <b>Remitente:</b>    | Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación |
| <b>S/clave:</b>      | LU-11/138-EOL                                                                                                                         |
| <b>Expediente :</b>  | O3.I.437.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA1155/2011 (Servizo de Arquitectura)                                                      |

O 22.10.2021 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no que, de acordo co artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se comunica o trámite de consultas e se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos: *Estudo de Impacto Ambiental Modificación Parque eólico Figueiras. Novembro 2020* e *Proxecto Sectorial Modificación Parque eólico Figueiras. Novembro 2020*.

#### ANTECEDENTES E FEITOS

O 07.12.2012 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente o *Estudo de impacto ambiental Parque eólico Figueiras*.

O 26.11.2015 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente o *Proxecto sectorial Parque eólico Figueiras. Agosto 2015*.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)

De acordo coa documentación remitida, e en relación ao Patrimonio Cultural, pódense facer as seguintes consideracións:

#### Estudo de Impacto Ambiental (EIA):

- Segundo a documentación remitida o parque eólico Figueiras conta con declaración de impacto ambiental (DIA) de 11.06.2014, para un parque eólico composto por 5 aeroxeradores cunha potencia total de 22,5 MW.
- Debido ao tempo transcorrido desde o inicio do expediente, o promotor considerou necesario adecuar os aeroxeradores á tecnoloxía actual, para o cal realízase unha modificación substancial do parque.
- Proxéctase a modificación do parque eólico Figueiras mantendo a potencia total de 22,5 MW e o número de aeroxeradores (5), substituíndo as máquinas GAMESA G10X (150 m diámetro de rotor e 150 m altura de buxa) polo modelo NORDEX N163 (163 m de diámetro de rotor e 148 m altura de buxa). Os aeroxeradores pasan de ter unha altura máxima de 225 m a 229,5 m. Non se modifican





as posicións dos aeroxeradores e da torre anemométrica nin as plataformas de montaxe e infraestruturas eléctricas.

O acceso ao parque parte da N-634 ao seu paso polo núcleo de Mondoñedo. No p.q. 587 cóllese un desvío cara á estrada LU-160, e logo outro desvío tomando a estrada provincial CP 31-08 no núcleo do Casal, ata o núcleo do Rego.

- No Estudo de Impacto Ambiental valóranse tres alternativas: a alternativa do documento de inicio, a alternativa do EIA coa DIA favorable e a nova proposta (a seleccionada), que é a optimización da alternativa da DIA co novo modelo de aeroxerador.
- No apartado *8.5 Patrimonio histórico-cultural* indícase que se realizou unha revisión da documentación existente, bibliografía, traballos de investigación anteriores, cartografía, toponimia..., así como do Plan básico autonómico. Asemade, faise referencia ao anexo de avaliación de impacto arqueolóxico.

Indícase, no mesmo apartado que o Camiño de Santiago do Norte discorre a máis de 6,5 Km ao sur.

- Os apartados *10.5.5 Impacto sobre o patrimonio cultural* e *11.1.9 Medidas sobre o patrimonio cultural* remiten tamén ao devandito anexo de avaliación de impacto arqueolóxico.
- Como **Anexo III** achégase, por un lado a Memoria de avaliación de impacto arqueolóxico, asinada en xuño de 2012 polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar da empresa ZETA ARQUEOLOXÍA, SL e, por outro lado unha Addenda á Memoria, asinada en decembro de 2020 polo mesmo arqueólogo e que recolle a actualización dos resultados da prospección arqueolóxica inicial.
- De acordo coa memoria e addenda, no ámbito do proxecto non se identificou ningún elemento do patrimonio arquitectónico e etnolóxico, pero si atópanse os bens arqueolóxicos Túmulo do Monte da Cruz e Abrigo da Pena da Capela:
  - **Túmulo 1 de Monte da Cruz** (GA27030032).- O vieiro 1, de acceso aos aeroxeradores 1 e 2, discorre por un camiño existente a acondicionar a 57,82 m. ao N do ben. Asemade o acceso ao aeroxerador F3 farase mediante un vieiro de nova creación (Ramal F3) que discorre a 151 m. ao N do túmulo. Impacto severo.
  - **Abrigo 1 de Pena da Capela** (GA27030026).- Situado no Monte da Cruz, no Penedo de Cuzcabés. Trátase dun batolito granítico cun oco natural que podería ter uso como hábitat, aínda que non foi atopado material arqueolóxico algún. O vieiro 1, de acceso aos aeroxeradores 1 e 2, discorre por un camiño existente a acondicionar a 19,33 m. ao W do ben. Impacto severo.

Como medidas correctoras de carácter xeral para o conxunto do parque eólico propónse no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural as seguintes:

- Control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo en fase de replanteo e remoción de terras.
- Comunicación, ao equipo encargado do control e seguimento, do emprazamento de posibles zonas de acoplo ou préstamo, como de calquera obra non recollida na planimetría do proxecto.
- Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ás obras.
- Balizado dos posibles elementos que aparecieran durante as fases de replanteo e construción, sinalización na planimetría de obra e prohibición de remocións non controladas nas súas inmediacións.
- Como medidas correctoras específicas:
  - **Túmulo 1 de Monte da Cruz** (GA27030032).
    - Balizado do elemento con material non perecedoiro, durante a duración das obras de construción.
    - Sinalización do elemento na planimetría de obra. Calquera modificación no vial existente para o seu acondicionamento deberá facerse pola marxe contraria á que se atopa o elemento.
    - Prohibición do tránsito de maquinaria fora dos límites da obra.





- Calquera modificación nas infraestruturas proxectadas deberá ser comunicado ao equipo de arqueólogos encargados do control e seguimento.
- Control intensivo da apertura de gabias de cableado e do novo vieiro Ramal F3 dentro do ámbito de protección do túmulo.
- **Abrigo 1 de Pena da Capela** (GA27030026).
  - Balizado do elemento con material non perecedoiro. Sinalización do elemento na planimetría de obra.
  - Calquera modificación no vial existente para o seu acondicionamento deberá facerse pola marxe contraria á que se atopa o elemento.
  - Prohibición do tránsito de maquinaria fora dos límites da obra.
  - Calquera modificación nas infraestruturas proxectadas deberá ser comunicado ao equipo de arqueólogos encargados do control e seguimento.
  - Control intensivo da apertura de gabias de cableado dentro do ámbito de protección do ben.

#### Proxecto sectorial (PS):

- O proxecto sectorial redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Figueiras. Non inclúe nin fai referencia ao estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, soamente se indica que non se afectará ao patrimonio cultural e se inclúen medidas correctoras de carácter xenérico.

Unha vez analizados os documentos pódese facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- O parque eólico Figueiras foi informado de xeito favorable pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 07.12.2012 (Estudo de impacto ambiental) e o 26.11.2015 (proxecto sectorial). As modificacións introducidas baséanse no cambio de modelo de areroxerador por un máis actualizado. A diferenza de altura máxima entre o novo aeroxerador e o inicial non chega aos 5 m.
- Consultados os arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase a presenza de ben arqueolóxicos no ámbito da infraestrutura eólica (tal como se reflicte na Memoria Técnica da prospección arqueolóxica e na súa Addenda) que se poderían verse afectados pola construción do parque se non se adoptan medidas protectoras e correctoras.
- Non obstante, non se concreta nos documentos o acceso ao parque eólico fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar eses accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muiños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Como xa se indicou nos informes anteriores, a carón da estrada por onde está previsto o acceso ao parque eólico localízase un cruceiro no lugar do Romeo, non identificado no Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural e que podería verse afectado polo paso do vehículo especial de transporte.
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Figueiras (novembro 2020) cos datos e planimetría do Proxecto Sectorial (novembro 2020), compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

#### INFORME

Á vista do exposto e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, se informa de xeito **favorable** os documentos do *Estudo de Impacto Ambiental (novembro 2020)* e do *Proxecto Sectorial (novembro 2020)* do *Parque eólico Figueiras*, coas medidas correctoras establecidas na Memoria de Prospección Arqueolóxica (Anexo III do EIA), e tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:





- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc..). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M<sup>a</sup> Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

